

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO GRUPO C, SUBGRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE RESERVAS NO MARCO DO PLAN OROSO DIXITAL 2018 – 2020.

Realizada con data de 18/06/2018 ás 16:00 horas a primeira proba do procedemento de selección dun funcionario/a interino/ Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo e creación dunha bolsa de reservas no marco do Plan Orosó Dixital 2018 – 2020, consistente nunha proba tipo test de 80 preguntas e logo da correspondente avaliación do Tribunal publicada a lista de aspirantes que superaron a citada proba e os que non a tiveron superado así como a puntuación dos mesmos concedendo o Tribunal de selección un prazo de revisión dos exercicios os días 20,21 e 22 de xuño.

Presentadas alegacións por D^a. Mariña Pose García contra as preguntas 40,41 e 50 , por D^a. Paula González Pazos contra as preguntas 40 e 41 e D^a. María González Martínez contra as preguntas 41 e 65 e reunido o Tribunal de selección o día 26 de xuño de 2018 este acordou:

Primeiro: Estimar a alegación presentada contra a pregunta nº 40 no sentido de que se aprecia a existencia dun erro na corrección da mesma xa que a resposta correcta da mesma é a resposta d) cando o Tribunal tomou como resposta correcta a b). Consonte con isto considerar como correcta a resposta d) da pregunta 40 e proceder a corrixir todos os exercicios conforme a esta modificación.

Segundo: Estimar a alegación presentada contra a pregunta nº 41 no sentido de que se aprecia a existencia dun erro na corrección da mesma xa que a resposta correcta da mesma é a resposta a) cando o Tribunal tomou como resposta correcta a c). Consonte con isto considerar como correcta a resposta a) da pregunta 41 e proceder a corrixir todos os exercicios conforme a esta modificación.

Terceiro: Desestimar a alegación contra a pregunta 50 xa que en primeiro lugar a resposta que se tomou como correcta polo Tribunal foi a resposta c) e non a b) como indica a alegación e en segundo lugar porque a pregunta 50 se está a referir á responsabilidade patrimonial das Administración Públicas mentres que a alegación cita o artigo 36 da Lei 40/2015 que regula a responsabilidade patrimonial dos funcionarios ou autoridades ou tamén coñecida como acción de regreso, sendo dúas cuestións diferentes, e considerando polo tanto o tribunal que a resposta correcta á pregunta 50 é a resposta c) como así se considerou nun primeiro momento.

Cuarto: Desestimar a alegación contra a pregunta 65 xa que a alegación considera correcta a resposta d) e non a resposta b) que foi tomada como correcta polo Tribunal. Non procede estimar esta alegación porque conforme establece o artigo 25.1.a) da Lei 9/2017 son contratos administrativos os “contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministro e servizos” e pola súa parte o artigo 25.1.b) establece que: “os contratos declarados así expresamente por unha Lei, e aqueles outros de obxecto distinto aos expresados na letra anterior, pero que teñan natureza administrativa especial por estar vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración...” e conforme a resposta d) “los contratos de servicios pueden tener carácter especial si están vinculados al giro o tráfico específico de la Administración....”, non sendo posible que un contrato clasificado como de servizos sexa á vez clasificado como administrativo especial por estar vinculado ao xiro ou tráfico específico da administración, polo que a resposta correcta á pregunta 65 seguiría a ser a resposta b) que inicialmente tomou o Tribunal de selección.

Seguidamente o Tribunal procede a revisar a corrección dos diferentes exercicios coa modificación acordada da corrección das preguntas 40 e 41 co seguinte resultado:

Aspirantes que teñen superado a primeira proba (aqueles que obtiveron a lo menos unha cualificación de 5 puntos):

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN
MANUELA	VARELA NUÑEL	7,270
ANA	CALVO LÓPEZ	6,360
MARTA	FURELOS PAMPÍN	6,230

MARÍA	FERNÁNDEZ BOUZAS	6,185
MARIÑA	POSE GARCÍA	6,140
ROBERTO	ÁLVAREZ GRELA	5,865
PAULA	GONZÁLEZ PAZOS	5,245
ZITA	LÓPEZ TELJEIRO	5,030

Aspirantes que NON teñen superado a primeira proba (aqueles que obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos):

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN
PABLO	COBAS ÁLVAREZ	4,710
MARÍA	GONZÁLEZ MARTÍNEZ	4,690
LAURA	JIMÉNEZ CASTRO	4,660
ANDREA	NOVOA DEL VALLE	4,400
SERGIO	LUEIRO BUSTO	4,030
FÁTIMA	ABRALDESE VIEITES	3,480
MARÍA	PÉREZ GIL	3,085
JULIO	REGUEIRO OTERO	3,060
PATRICIA	PÉREZ LÓPEZ	3,050
JOSÉ JAVIER	MORENO LÓPEZ	2,575
BEATRIZ	VENTOSA FERNÁNDEZ	2,500
IRIA	MARTÍNEZ AMARELLE	1,625
PATRICIA	REFOJO MARQUEZ	0,610
VANESA	BEIS GUIJARRO	0,405
FÁTIMA	MIGUEZ BLANCO	0,390

Finalmente o Tribunal de Selección a fin de conceder un tempo prudencial para a preparación do segundo exercicio e á vista das modificacións operadas acorda fixar como nova data de celebración do segundo exercicio **o venres 6 de xullo de 2018 ás 10:00 horas, no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa, rúa da Cultura s/n, Oroso.**

Asinado polo Presidente do Tribunal e o Secretario.

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos, personais enviando ao concello unha carta debidamente estibada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CVD: +F0m/XzPseHpLCodVmdC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.